

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN CIENTÍFICA PARA A APLICACIÓN DO ART. 28.2 DOS ESTATUTOS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGA)

Introdución

Segundo recollen os seus estatutos, o CITMAGA ten como obxecto a investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento en todas as áreas das matemáticas. Para a difusión dos resultados destas investigacións, as publicacións científicas son un elemento fundamental. A ausencia de uniformidade á hora de indicar a pertenza ao centro nestas publicacións, diminúe a visibilidade nacional e internacional do persoal investigador, e dificulta o recoñecemento do volume da produción científica. Para facilitar a asignación inequívoca desta produción científico-técnica é necesario contar cunha normativa de filiación normalizada, así como co uso de identificadores de autoría (ver Anexo).

Esta instrución ten como obxecto garantir o uso correcto e consistente da filiación institucional do CITMAGA nos resultados de investigación, de forma que sempre apareza citado o Centro e que esa cita sexa homoxénea, facilitando o seguimento de produción científica. Aplícase ao persoal investigador definido nos artigos 19, 20, 21 e 22 dos [estatutos do CITMAGA](#).

Fundamentos

- O artigo 15j da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, fixa entre os *deberes do persoal investigador que preste servicios en Universidades públicas, en Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado ou en Organismos de investigación doutras Administracións Públicas* o de utilizar a denominación das entidades para as que presta servizos na realización da súa actividade científica, de acordo coa normativa interna de ditas entidades e dos acordos, pactos e convenios que estas subscriban.
- As recomendacións da FECYT feitas na "[Proposta de manual de axuda aos investigadores españois para a normalización do nome de autores e institucións nas publicacións científicas \(versión 17/01/07\)](#)".

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Instrucións para a normalización do nome institucional

Nome da institución

En todas as publicacións e obras en que participe algún membro vinculado ao CITMAGA, o nome do Centro debe aparecer na sinatura do traballo. Empregaranse para iso as siglas CITMAGA.

Nomes de persoal

▪ **Persoal vinculado ao CITMAGA**

No caso do persoal vinculado ao CITMAGA, tanto persoal investigador como persoal investigador en formación, deberá incluír nos seus traballos a dobre filiación, onde debe constar en primeiro lugar o CITMAGA e en segundo lugar a outra institución á que estea vinculado. Esta será tamén a fórmula que deberá empregar o persoal propio do CITMAGA.

Datos do/a autor/a

Nome do/a investigador/a ^{ab} [<http://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Filiación institucional

(Filiación 1) ^a CITMAGA, 15782 Santiago de Compostela, España.

(Filiación 2) ^b Segundo a forma que estableza a instrución propia da universidade de orixe.

O persoal investigador vinculado a tempo parcial (con dedicación do 30% ao CITMAGA no período inicial do centro) empregará a fórmula de filiación do persoal colaborador.

▪ **Persoal vinculado ao CITMAGA de estadia**

O persoal vinculado ao CITMAGA, mentres realice estadias noutras institucións, debe empregar sempre a dobre afiliación en todas as súas publicacións, incluíndo tamén a institución na que se atope realizando a estadia.

Datos do/a autor/a

Nome do/a investigador/a abc [<http://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Filiación institucional

(Filiación 1) a CITMAGA, 15782 Santiago de Compostela, España.

(Filiación 2) b Segundo a forma que estableza a instrución propia da universidade de orixe.

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

(Filiación 3) c Lugar estadía

▪ **Persoal colaborador**

Do mesmo xeito, o persoal doutras institucións temporalmente no Centro deberá incluír o CITMAGa na súa filiación, tal como se establece nesta instrución, en todas as publicacións relacionadas total ou parcialmente co traballo desenvolvido durante a estadía.

Datos do/a autor/a

Nome do/a investigador/a ab [<http://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Filiación institucional

(Filiación 1) a Institución á que pertence.

(Filiación 2) b CITMAGa, 15782 Santiago de Compostela, España.

Asdo. Dna. Rosa M. Crujeiras Casais

Directora Científica en funcións de CITMAGa

Anexo: Recomendacións para a normalización do nome nas autorías.

Tanto nas bases de datos como nas ferramentas de avaliación da produción científica para que todas as publicacións científicas sexan asignadas á mesma persoa é necesario empregar unha única forma de sinatura persoal. Por isto, é importante que cada persoa escolla unha única forma para a súa sinatura e que a manteña no tempo. Ademais, cómpre que o persoal do CITMAGA conte cun número ORCID, un código de identificación persoal que permite unificar todas as publicacións do/a mesmo/a autor/a.

Nome nas autorías

Opción 1. Para autoras/es con apelidos pouco frecuentes

Nome Apelido1 (Ex. María Moracho) ou

Nome1 IN2 Apelido1 (Ex. María J. Moracho)

No caso de nomes simples, recoméndase a utilización do nome completo. No caso de nomes compostos, recoméndase incluír o primeiro nome completo e a inicial do segundo, xa que se evita así que o segundo sexa interpretado como un apelido polas bases de datos. Recoméndase evitar as partículas que separan os nomes entre si, mais de manterse, recoméndase que se unan con guión para garantir a súa integridade.

Opción 2. Para autoras/es con apelidos comúns

Nome Apelido1-Apelido2 (Ex. Antonio Caballero-Plasencia) ou

Nome1 Nome2 Apelido1-Apelido2 (Ex. Antonio María Caballero-Plasencia).

O feito de empregar os dous apelidos adoita dar lugar a confusións nas bases de datos e nas editoriais, xa que habitualmente entenden como apelido só o último. Neste caso, recoméndase unir os apelidos cun guión.

No caso de que tanto o nome e/ou os apelidos conteñan partículas de unión, o máis recomendable é eliminalas. Non se deben incluír partículas unindo distintos nomes. Recoméndase evitar as partículas que unen nomes e apelidos (Ex: Emilia de la Rosa), pero de mantela deben incluírse os guións (Ex: Emilia de-la-Rosa). Se o autor o desexa, pódense manter as partículas que unen distintos apelidos, sempre unidas por guión (Ex. Carlos García-de-la-Fuente).

Exemplos de uso correcto de partículas e guións:

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Nome e apelidos	Forma Recomendada
Fernando López del Río	Fernando López-del-Río Fernando López Río
María del Mar Fernández Núñez	María M Fernández-Núñez
Eduardo de la Rosa García	Eduardo Rosa-García Eduardo de-la-Rosa-García
Marcos Iglesias López-Portillo	Marcos Iglesias-López-Portillo
María Teresa Pérez-Ruiz García	María Teresa Pérez-Ruiz-García

Identificadores persoais

Cómpre que a persoal investigador do CITMAGA conte con códigos de identificación, xa que permiten reunir a produción científica da mesma persoa, agrupando as súas publicacións con independencia das variantes de nomes utilizadas. Deste xeito evítanse as confusións relacionadas coa autoría en actividades realizadas por investigadores diferentes con nomes persoais coincidentes ou semellantes.

Código ORCID

Na actualidade, o identificador máis empregado e requirido é o código ORCID (Open Researcher and Contributor ID). Este é un identificador dixital único e permanente, composto por 16 díxitos. O persoal investigador do CITMAGA, deberá contar cun código ORCID.

Para a súa obtención, efectúase o rexistro desde o enderezo <https://orcid.org/register>. É necesario que inclúa o CITMAGA como institución á que pertence. Poderá incluír outras institucións ás que estea vinculado. Deberán comprobar que o seu nome aparece de todas as formas nas que se poda atopar en diferentes publicacións. No apartado “Works” poderán buscar todos os seus artigos para vencellos ao ORCID. Así, quedará toda a produción científica asociada ao código.

ORCID permite vincular o código con outros identificadores, como o Researcher ID (de Web of Science) ou Scopus Author ID (de Scopus), de xeito que as actualizacións feitas nun deles se apliquen tamén ao outro.

Consortio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357